

O BARCO



DE VAPOR

# As desgraças de Sophie

Valérie Dayre

## Prólogo

**E**STABAMOS atravesando a praza camiño da casa. Fora buscarte á saída do colexio, cousa que non facía decote. Diciámonos frases soltas como acotío e de súpeto, sen que a cousa tivese nada que ver coa nosa conversa, preguntáchesme:

–Sempre dis que hai cousas que nos fan medrar, poderíasme dicir unha? Podes contarme algo que te fixese medrar?

Mirabas dereito, como se nada, pero certa agresividade no ton da túa voz fíxome pensar que tiñas problemas.

O meu corazón comezou a bater de présa como sempre que penso no que a vida podería chegar a facerche. *Ocorreríalle algo ao meu pequecho?*

Aguanteime para non preguntarche eu tamén: Por que o queres saber logo? Pasouche hoxe algo que te fixese medrar? Ou sería que che pediron na clase que escribises «un recordo ou unha anécdota que ao teu xuízo te fixo medrar»?

Se te interrogase gañaría tempo e pensaría na miña resposta. Ben sabes que aos adultos nos gusta

parecer tranquilos e intelixentes a poder ser, e simular que dominamos a situación cando nosos fillos nos falan dun tema serio.

Algo que me fixese medrar?

Na miña cabeza amoreáronse varias respostas. Primeiro, frases feitas, estúpidas e rimbombantes como *Todo te fai medrar! Medrar é comprender. Trátase dun conxunto de cousas...* Ademais, non había ningún acontecemento especial que me servise de certificado de crecemento repentino, como a morte prematura de meu pai, o nacemento dun irmán pequeno, un cambio traumático de cidade... nin sequera unha «boa guerra», como din os imbeciles.

Imaxes, rostros, ideas fugaces e inconexas mesturábanse na miña mente.

Collinte pola man e tatexei esbozos de respostas sen interese.

Ti non dicías nada. Caía a noite invernal. Sentínme cansa. Enténdeme, non es ti o que me fai sentir cansa, nin a túa existencia, senón un estado de impotencia constante. A impotencia de non poder darche sempre o que tería que darche. A impotencia por non poder librarte de todo o que podería prexudicarte.

Non insistiches. Un dos teus amigos pasou correndo diante nosa e comentáchesme algo sobre el.

Pero agora, se queres, podemos regresar a aquela praza ao solpor. Os parques, sobre todo no inverno, invitan ás confidencias e fan xurdir os recordos.

\* \* \*

Imaxina.

Imaxina unha nena. Non importa a idade que ten. Está nesa idade na que o mesmo che din «xa es grande» que «es pequena de máis». Súa nai e seu pai e mesmo a panadeira, ás veces dinlle «que grande» e outras «que pequena». (Por veces, Rosemonde bisba «miña pequerrecha». Daquela sabe que a tristura ou, polo menos, a emoción están aboiando no aire.) Ten alegrías e penas, como todo o mundo. Está medrando amodiño.

Vive en Roubaix, unha cidade situada no norte de Francia.

Chámase Sophie, do grego *sophia*: sabedoría, ciencia.

–Si, ben o sei –respóndelles a todos os profesores que queren: 1. Demostrar o que saben. 2. Comprobar que seus pais lle puxeron ese nome con coñecemento de causa. 3. Animala a seguir o camiño ao que a destina o seu nome.

–Si, ben o sei.

Dío cun aire entre divertido, tímido e canso.

Outras persoas, xeralmente vellas señoras aburridas, fálanlle da protagonista do libro da Condesa de Ségur *As desgrazas de Sophie*, que todo o mundo coñece en Francia, pero que non ten nada que ver con ela. A Sophie desta historia sempre lles contesta que súa nai odia ese libro.

Rosemonde, a quen acabo de nomear hai un segundo, é súa nai. A Sophie gústalle ese nome porque leva *rose* que en francés quere dicir «rosa» e *monde* que quere dicir «mundo», «rosa do mundo». Non sabe se súa nai o merece ou non, pero hai que admitilo, acáelle. Rosemonde ten seis fillos.

Sophie é a segunda. Cando pensa en todos os fillos únicos que a rodean, tenlles unha pouca enveja (normalmente é recíproca, aínda que ela non o sabe). Non obstante, unha vez tivo a oportunidade de exercer de filla única.

Déixame que che conte o que sucedeu aquel ano.

A viaxe decidiuse un día de marzo. Sophie e súa nai irían, as dúas soas, pasar as vacacións de Semana Santa con Cora, a irmá de Rosemonde. Non irían a Niza onde Cora vivía co seu home, avogado, e os seus dous fillos, os primos irmáns de Sophie, senón á montaña, non lonxe da fronteira con Italia, na súa casa de vacacións.

Rosemonde e Cora non se vían con moita frecuencia, e non só por cousa da distancia xeográfica. De feito, as dúas irmás non se vían nunca. Sophie non sabía case nada deles; só os vira en fotos ás que nunca prestara moita atención. Ah, tamén coñecía a súa roupa... pero iso xa cho explicarei.

Así que alí marcharon un día de primeiros de abril, nun tren nocturno, con dirección á outra punta de Francia, ao sur, ese lugar co que segundo parece, soñan as xentes do norte. Partiron e chegaron.

Para desgraza de Sophie.